

## MEMORIA DOS CONTIDOS DO PRODUTO SONORO REALIZADO



Este podcasts encáixase dentro da actividade de "Radio Arrabal", a radio escolar do centro CEIP Mestre Manuel García de Oia, que se ven desenvolvendo por cuarto ano consecutivo no centro.

Neste curso o peso e dirección da Radio Arrabal correspóndelle ó 4º Curso de EP. Porén tamén participan outros grupos do centro. O equipamento radiofónico trasladouse ao salón de actos debido ás medidas anti-Covid cumprindo cas normas sanitarias establecidas no centro.

## "NA BUSCA DO FELINO VERMELLO"

### CONCEPTO DO PODCASTS

Este podcast é unha pequena peza de teatro radiofónico onde a intención é introducir aos radiooíntes nunha historia de suspense e ciencia ficción xurdida da reinterpretación do conto "Hai un monstro no váter" do libro *Non te amola!* de Xela Arias. Ademais poderase encontrar alusións a outras obras e temáticas importantes para a escritora.

### EXPERIENCIA DA ELABORACIÓN E GRAVACIÓN DO ARQUIVO

O punto de partida foi a recompilación de información e lecturas sobre a vida e obra de Xela Arias. A continuación e despois dunha posta en común inventamos a historia que queríamos contar, a nivel gráfico e sonoro. Despois da lectura dos contos do libro *Non te amola!* reescribimos a nosa historia utilizando o conto "Hai un monstro no váter" como punto de referencia xa que se adaptaba bastante ben a nosa historia. Dividimos os personaxes e puxémonos mans á obra cos ensaios e as gravacións. Por último escollemos as músicas e os efectos sonoros que íamos utilizar e realizamos a montaxe de audio.

### GUIÓN DA ESCALETA

## NA BUSCA DO FELINO VERMELLO

AUDIO	TEXTO	OBSERVACIONES
Son de helicóptero aterrando.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Cabo Xela:</b> Preparados androides!!! En tres, dous, un saltamos!!! Estamos listos???</li> <li>- <b>Todos:</b> Si, cabo Xela!!!</li> <li>- <b>Cabo Xela:</b> 3....., 2....., 1.....</li> <li>- <b>Todos:</b> Xaaaaaa!!!!</li> </ul>	Os personaxes (androides) están no helicóptero e salta a xungla en busca do felino vermello.
Música de acción.		Música de entrada.
Sons da xungla.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Iagoboy:</b> (baixiño e sen facerse notar) O monstro é moi especial e non se deixa ver a miúdo.</li> <li>- <b>Niki:</b> Marcha así, como marcha amiúdo a brincos de min.</li> <li>- <b>Antonix:</b> De feito, non se case nunca. Debe estar ensumidiño para que ninguén poida cachalo.</li> </ul>	Movéndose pola xungla sen facerse notar para que non chamar a atención.
Sons de cabalos	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Pablosky:</b> Porque seguramente ten medo dos humano, non vaia ser que ovexan e fagan con el a saber que.</li> <li>- <b>Oitobits:</b> Amosalo nun circo, ou mazalo a paus, nunca se sabe cales van ser as ocorrencias das persoas.</li> <li>- <b>Xián:</b> A primeira vez que o vin levei tal susto que non era quen de me mover do sitio.</li> <li>- <b>Lukatonix:</b> Cousas así son as que me importan. Se hai que prémelo temón dun nautilus acorazado disposto as vinte mil e máis farémolo.</li> <li>- <b>Noelón:</b> Imos poñer as pedras sobre as pedras e sobre as pedras un nome amado.</li> </ul>	Aparece unha manda de cabalos (que parecen tigres) rinchando que parecen escapar.
Ruídos estraños e música de suspense.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Cabo Xela:</b> Detesto esa voz que ventan alta coa que persegues a miña morte. Xa sabía eu que aí había algo estraño. Coma o batallón dalgún exército armado ata os dentes trala porta pechada. (Baixiño) Con coidado batallón!!!!</li> </ul>	Pensamentos.
Sons de portas, ruídos estraños e música misteriosa.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Pablosky:</b> Ignoro que lugar é este, onde me atopo cos meus ósos e os silencios das palabras.</li> <li>- <b>Noelón:</b> Nunca llo comentei a ninguén, pero hai días, especialmente os domingos pola mañá, cando nos erguemos tarde e andamos todos pola casa facendo as nosas cousas, en que se nota que algo tomou o cuarto de baño.</li> <li>- <b>Xián:</b> Todos sabemos que non se pode entrar. A min nunca mo dixeran, nunca falamos diso.</li> <li>- <b>Lukatonix:</b> Sábese. E nada máis.</li> </ul>	Atopan unha cabana e entran nela en busca do felino. Todo parece confuso,

<p>Sons de auga correndo e música misteriosa.</p> <p>Sons de pasos</p>	<p><b>Cabo Xela:</b> E veñen soando as augas como os corsarios dos mares da palabra.</p> <p>- <b>Lagoboy:</b> A cousa é o noso monstro. Acousa é que pasamos de cuarto en cuarto, percorremos o corredor moitas veces na mañá, e ben vexo que ninguén se atreve a abrir a porta.</p> <p>- <b>Lukatonix:</b> Se cadra o resto da familia tamén se atopou algunha vez cara a cara co monstro.</p> <p>- <b>Niki:</b> Para min foi unha sorpresa. Estaba lavando os dentes e daquela oíno.</p>	<p>Corre a auga e abre a esperanza de encontrar ao felino.</p>
<p>Sons do felino e música a tensión máxima.</p> <p>Fade in: Música final.</p> <p>Música final.</p>	<p>- <b>Oitobits:</b> Quedei alucinado. Tanto que aínda tardei un pedaciño en recoñecerme a min mesmo alí, no espello, mirando fixamente os meus propios ollos, cunha cara de padiola increíble e co cepillo a medio camiño na ringleira de dentes superiores.</p> <p>- <b>Pablosky:</b> Entón miramos cara atrás e alí estaba. Con todas as patas cruzadas e comodamente anicado nun recanto doseu asento.</p>	<p>Aparece o felino vermello.</p>

